

BASES MÁSTER CIRCUITO XUVENIL 2020

- NÚMERO DE HOMOLOGACIÓN: 92
- DATAS:
 - Do 02 ao 24 de xaneiro de 2021
 - Torneo de fin de semana.
 - As categorías poderán comezar en diferentes fines de semana.
- ORGANIZADORES:
 - **Federación Galega de Tenis**
 - **Sporting Club Casino Coruña**
 - Carretera Zapateira s/n. 15189 A Coruña.
 - 981 22 11 91
 - **RSD Hípica de La Coruña**
 - Avda. do Metrosidero nº2. 15001 A Coruña.
 - 981 21 81 81
 - **Escuela de Tenis Marineda:**
 - Rúa Lendoiro 29, 15660. A Barcala A Coruña.
 - 981 65 37 04
- COMITÉ ORGANIZADOR:
Federación Galega de Tenis, Juan Pardo, Borja Yribarren e Juan Hernández.
- XUÍZ ÁRBITRO: Carlos Coira.
- ADXUNTO: Marco A. Casal.
- XUÍCES ITINERANTES: A designar.
- CONTACTO:
 - Email: circuitoxuvenil@fgtenis.net
 - Teléfono: 667 688 432 (sólo whatsapp)
- CATEGORÍAS/CLUBS:
Utilizaranse as categorías de 2020, as da data do sorteo (28 decembro).
 - Benxamin* masculina e feminina: Sporting Club Casino Coruña.
 - Alevín masculina e feminina: Sporting Club Casino Coruña.
 - Infantil masculina e feminina: Escuela de Tenis Marineda.
 - Cadete masculina e feminina: RSD Hípica de La Coruña.
 - Júnior masculina e feminina: RSD Hípica de La Coruña.

* A categoría benxamín non pertence ao máster, será unha proba open e seguirá a normativa das segundas/terceiras categorías.

- SUPERFICIE:
 - Sporting Club Casino Coruña: Resina
 - RSD Hípica de La Coruña: Tennis Quick
 - Escuela de tenis Marineda: Tennis Quick
- BOLA OFICIAL: Babolat
- INSCRIPCIÓN:
 - Na web www.ibertenis.com
 - Prazo de inscrición: Ata o 23 de decembro de 2020
 - Cuota: 12,5€ (pago online a través da plataforma de Ibertenis)
- SORTEO:
 - Luns 28 de decembro.
- Os cadros, horarios e resultados serán publicados en: www.fgtenis.net e www.ibertenis.com

NORMATIVA

1. A competición aplicará as normas da R.F.E.T.
2. A normativa do Circuito Galego Xuvenil 2020 adaptárase debido a que non se disputaron tódalas probas do circuito por mor da COVID-19.
3. É indispensable ter a licenza federativa en vigor para poder participar neste torneo.
4. Acceso ao Máster Rexional Xuvenil (16 prazas por categoría)
 - a. 12 prazas con acceso directo ao máster:
 - i. Os 8 xogadores e xogadoras que alcanzaron a rolda de 1/4 de final no campionato galego individual 2020 de cada categoría.
 - ii. 4 prazas por clasificación nacional.
 - iii. Se existe algunha baixa dos 8 xogadores do campionato galego, esa praza cubrirase por clasificación nacional.
 - b. Para completar o cadro de 16, disputaranse 4 prazas nunha fase clasificatoria á que accederán os 16 xogadores e xogadoras con mellor clasificación(exceptuando os xa clasificados). Os que alcancen as semifinais pasarán ao cadro final do máster.
 - c. Os xogadores que por clasificación non entren na fase clasificatoria poderán disputar as segundas/terceiras divisións de cada categoría. Tamaño dos cadros:
 - i. Ata 16 inscritos cadro de 16
 - ii. A partir de 16 inscritos cadro 8 en segunda e 16 en terceira
 - iii. Así sucesivamente creando as categorías que sexan necesarias

5. Datas de xogo:
 - a. Fase clasificatoria: 2/3 de xaneiro de 2021.
 - b. Máster Rexional Xuvenil (16 ao 24 de xaneiro):
 - Octavos e cuartos de final alevín e cadete: 16 de xaneiro
 - Octavos e cuartos de final infantil e júnior: 17 de xaneiro
 - Semifinais: 23 de xaneiro
 - Finais: 24 de xaneiro
 - o Esta programación poderá verse modificada por necesidades organizativas.
6. Horarios: A Federación Galega de Tenis poderá programar partidos de 10:00h. a 21:00h. (fin de semana). Os horarios de xogo non serán oficiais ata as 19:00 h. do día anterior.
7. Todos/as os/as xogadores/as que teñan algún problema puntual de horarios deberán comunicalo no momento de facer a súa inscrición. Estas peticións deben ser por causas excepcionais.

A Federación non atenderá ningún cambio nin petición unha vez que os horarios sexan publicados. As observacións horarias que sexan expostas polos/as participantes unicamente serán atendidas se non afectan ao normal desenvolvemento da competición.
8. Os/as xogadores/as deberán revisar as listas de aceptación publicadas tralo peche de inscrición. Do mesmo xeito, será obriga dos/as xogadores/as informarse das datas e horarios dos seus partidos.
9. O Xuíz Árbitro poderá aplicar W.O. a todos/as os/as xogadores/as que non se presenten a xogar 10 minutos despois do momento de entrada na pista.
10. Os/as xogadores/as deberán vestir en pista de forma regulamentaria e axustar o seu comportamento, e o dos seus acompañantes ao código de conduta. Non serán tolerados condutas inadecuadas e que non se axusten ao cumprimento das normas do tenis, deberá primar en todo momento o máximo respecto ao resto de compañeiros da competición, acompañantes, membros do equipo arbitral, socios, persoal e instalacións do club organizador.
11. PREMIOS: Trofeos para os campións, campioas, subcampións e subcampioas de cada categoría. Regalos para todos os participantes.
12. O xuíz árbitro poderá modificar as pistas e/ou o sistema de xogo (segundo o regulamento técnico da RFET) por motivos meteorolóxicos ou organizativos.
13. Cumpriranse estritamente os protocolos sanitarios establecidos pola Federación Galega de Tenis e polo club sede. Resumo das medidas:
 - a. Só pode asistir a actividade un acompañante por xogador.
 - b. Débese realizar un rexistro previo cos datos da persoa que vai a acompañar ao xogador (enviarase formulario).
 - c. Chegar 15 min antes da actividade e abandonar o club 15min despois de finalizar.
 - d. Limitado o uso de vestiarios e aseos, só cando sexa imprescindible.
 - e. Desinfección de mans antes da entrada en pista.
 - f. Uso obrigatorio da máscara ata a entrada na pista.
 - g. Dentro da pista manter sempre a distancia de seguridade.
 - h. Uso de bolas marcadas e sen marcar como explicará o xuíz árbitro.
14. Todas as cuestións non establecidas neste Regulamento serán resoltas polo Xuíz Árbitro ou polos adxuntos. As súas decisións serán inapelables.